

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



**Anuncio:** Convocatoria para pago de importe do xustiprezo e levantamento de actas de ocupación dos bens afectados pola expropiación de terreos para a ampliación do cemiterio municipal de Carballo (SX-EQ4) - Expediente 2019/X999/001395.

En cumprimento do disposto no artigo 293.10 e 293.11 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, este Concello por resolución da Alcaldía núm. 2703 do 9 de novembro de 2011 resolviu o seguinte:

**Primeiro: Convocar aos titulares dos bens e dereitos afectados para o día 4 de decembro de 2020, ás 10.00 h, na casa consistorial do Concello de Carballo** para proceder a efectuar o pagamento do importe da valoración establecida e o levantamento das actas de ocupación dos bens afectados correspondentes ao expediente de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta para a ampliación do cemiterio municipal de Carballo (SX-EQ4).

O pagamento efectuarase polo Pagador deste Concello aos propietarios das fincas.

O pagamento farase aos que figuren como donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros (testamento, certificado de defunción e certificado de últimas vontades); e que deberán identificarse con Documento Nacional de Identidade.

Así mesmo comunícaselle aos propietarios que deberán comparecer ao acto achegando as escrituras de propiedade das fincas.

No suposto de non comparecer ou non poder efectuar o pagamento aos titulares, procederase á consignación do importe na Caixa Xeral de Depósitos.

Coincidindo co acto de pagamento, procederase ao levantamento da acta de ocupación correspondente.

O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo.

**Segundo:** Delegar no Concelleiro Delegado de Obras e Servizos D. Luis Lamas Álvarez as facultades atribuídas pola lei ao alcalde aos efectos da convocatoria para o pago das valoracións establecidas e o levantamento das actas de ocupación.

**Terceiro:** Designar como representante da Administración nas presentes actuacións ao secretario xeral do Concello D. José Villán Fuertes e como suplente á técnica de administración xeral D<sup>a</sup>. Susana Mariño Lorenzo.

**Cuarto:** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios, no Boletín Oficial da Provincia e no Boletín Oficial do Estado e nun diario da localidade, aos efectos de coñecemento xeral.

**Quinto:** Dar traslado á Intervención e á Tesourería municipal aos efectos pertinentes.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



Este anuncio serve de notificación para as parcelas con titulares catastrais descoñecidos ou para aqueles titulares que se descoñece o seu enderezo. Os bens e dereitos afectados son os seguintes:

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS									
Nº Finca	Titular	Ref Catastral	Clasificación Urb. Solo	Situación Básica do Solo	Destino	Superficie Total (m²)	Superficie afectada pleno dominio (m²)	Outros bens e dereitos afectados	
1	VAZQUEZ PALLAS, FERNANDO (HDROS)	15019A065000160000Ij	Solo rústico	Rural	Monte	23.884,00	3.265,00		
2	EIRIS VARELA, CONSTANTINO (HDROS)	15019A065000160000Ij; 15019A065000170000IE	Solo rústico	Rural	Monte	1.913,00	980,00	980,00 m²	Arboredo (Carballeira)

Carballo, 9 de novembro de 2020, asinado dixitalmente ao marxe

O Alcalde - Evencio Ferrero Rodríguez